

ACTA 1ª SESIÓN MESA CONTRATACIÓN EXPEDIENTE: 2327/2022

CONTRATACIÓN DO SERVIZO ATENCIÓN TEMPERÁ 2022

Na sala de Xuntas do Concello da Estrada sendo as 09:39 horas do día 18 de xullo de 2022, constitúese a Mesa de Contratación, para levar a cabo o exame da documentación presentada polos licitadores para a adxudicación do contrato arriba referenciado, cuxa orde do día é a que a continuación se indica, e que queda constituída polos seguintes membros:

Presidente (suplente): Juan M. Constenla Carbón

Vogais:

Dña. M.ª Jesusa Fernández Bascuas (Secretaria)

D. Luis M. Lozano Lorenzo (Interventor Acctal.)

Dña. Dolores Clemente Martínez (Educadora familiar)

D. Luis López Bueno (Concelleiro do grupo municipal PSdG-PSOE)

Secretaria:

Dña. Vanessa Rodríguez Varela (Administrativa do Concello).

ORDE DO DÍA:

PRIMEIRO.- “Acto de apertura e calificación da documentación administrativa” correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2327/2022 para adxudicar o contrato de servizos **“ATENCIÓN TEMPERÁ 2022”**.

Iníciase a sesión e, constituída a Mesa, dáse conta do informe xerado pola Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP) relativo aos licitadores presentados, e que son os que se relacionan a continuación:

LICITADOR: B36043073

Razón social: CENTRO DE ORIENTACIÓN DE ESTUDIOS COMERCIALES SLU

Fecha de presentación: 15/07/2022 18:08:23

LICITADOR: G70246558 R

Razón social: FUNDACION FOLTRA

Fecha de presentación: 15/07/2022 17:39:26

Seguidamente preguntado pola Secretaria da Mesa aos compoñentes da mesma, todos eles manifestan que NON se atopan incursos, en algunha situación pasada, presente ou que poida xurdir nun futuro previsible, de conflito de intereses con respecto das entidades que concorren ao presente proceso de contratación, asinando o documento do Anexo Final do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e que serán incorporados ao correspondente expediente electrónico deste contrato.

A continuación iníciase na PLACSP o primeiro acto da orde do día **“Acto de apertura e calificación da documentación administrativa”** correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente 2327/2022 para adxudicar o contrato do servizo **“ATENCIÓN TEMPERÁ 2022”**.



A documentación contida nos arquivos é a que se indica a continuación:

LICITADOR: B36043073

Razón social: CENTRO DE ORIENTACIÓN DE ESTUDIOS COMERCIALES SLU

Documentación presentada:

Anexo VI

DEUC

Autorización de consultas

Inscripción no RUEPSS

Acreditación de solvencias

LICITADOR: G70246558 R

Razón social: FUNDACION FOLTRA

Documentación presentada:

Anexo VI

DEUC

Autorización de consultas

Inscripción no RUEPSS

Acreditación de solvencias

Unha vez comprobada a documentación administrativa presentada polos licitadores, a Mesa, de conformidade co establecido nos Pregos de Cláusulas Administrativas, acorda Acorda admitir ao procedemento de contratación aos seguintes licitadores:

LICITADOR: B36043073

Razón social: CENTRO DE ORIENTACIÓN DE ESTUDIOS COMERCIALES SLU

LICITADOR: G70246558 R

Razón social: FUNDACION FOLTRA

A continuación finalízase o Acto de apertura e calificación administrativa e incorporase á PLACSP o **“Acto de apertura de criterios avaliábeis mediante xuízos de valor”**.

Unha vez iniciado o acto cócese a apertura e descarga do Sobre B que contén as ofertas técnicas (criterios avaliábeis mediante xuízos de valor).

A Mesa acorda pasar as ofertas técnicas presentadas polos licitadores á vogal da Mesa a Sr. Clemente Martínez para que efectúe a valoración técnica.

Unha vez efectuado o Informe de valoración volverase a reunir a Mesa de Contratación, o cal será anunciado no Perfil do Contratante o día e a hora, para proceder á valoración do informe técnico e posterior apertura do sobres C: OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as 10:00 horas do día do seu comezo.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto.

O PRESIDENTE SUPLENTE

A SECRETARIA DA MESA

Documento asinado dixitalmente á marxe

